



*Plan de Convivencia*



**YES SANXULLAO**

# ÍNDICE

<b>1. PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO .....</b>	<b>2</b>
1.2.INTRODUCCIÓN .....	2
<b>2.O CONFLITO .....</b>	<b>5</b>
<b>3. A CONVIVENCIA .....</b>	<b>6</b>
<b>4. OBSERVATORIO PARA A CONVIVENCIA .....</b>	<b>7</b>
4.1. COMPOSICIÓN .....	7
4.2. FUNCIONES .....	7
<b>5. PLAN INTEGRAL DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>8</b>
5.1. OBXECTIVOS .....	8
5.2. CONTIDOS .....	8
5.3. AVALIACIÓN .....	9
5.4. PUNTOS BÁSICOS .....	9
<b>6. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL .....</b>	<b>10</b>
6.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN .....	10
6.2. DETECCIÓN DE NECESIDADES .....	11
<b>7. DESENVOLVEMENTO DO PLAN .....</b>	<b>12</b>
<b>8. A MEDIACIÓN NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS .....</b>	<b>13</b>
8.1. A MEDIACIÓN COMO PROXECTO .....	13
8.2. FASES DA MEDIACIÓN .....	14
8.3.OPCIONES NO CONFLITO .....	15
.	
<b>9. A AULA DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>16</b>
<b>10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN .....</b>	<b>18</b>
<b>ANEXO I .....</b>	<b>20</b>
<b>ANEXO II .....</b>	<b>23</b>
<b>ANEXO III .....</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO IV .....</b>	<b>25</b>
<b>ANEXO V .....</b>	<b>26</b>
<b>ANEXO VI .....</b>	<b>27</b>
<b>ANEXO VII .....</b>	<b>29</b>

# 1. PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

É un documento elaborado polo propio centro en coherencia co Proxecto Educativo do Centro (PEC), que serve como marco de referencia nas relacións entre todos os membros da comunidade educativa.

Pretende fomentar un bo clima de convivencia contribuindo a establecer unha cultura de paz, de boas relacións, de respecto, de tolerancia e, polo tanto, de resolución pacífica dos conflitos.

Aséntase nunha serie de aspectos básicos e formula accións tanto dende a perspectiva da prevención coma da intervención.

Así mesmo, establece unha serie de protocolos de actuación ante situacións específicas.

Pretende ser o marco legal que defina, estableza e deseñe as distintas intervencións que en materia de convivencia se van a levar a cabo no centro, tanto a nivel de prevención como de intervención.

## 1.2. INTRODUCCIÓN

O Consello de Europa proclamou o ano 2005 como “O Ano Europeo da cidadanía a través da educación”. Con iso quíxose poñer de relevo o peso que ten a educación para o desenvolvemento dunha cidadanía activa, na promoción da convivencia no seo dunha sociedade democrática, solidaria e que saiba tratar os conflitos de xeito pacífico.

O informe á UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI formulaba a ampliación dos obxectivos educativos máis alá do estrito campo do coñecemento e, máis concretamente, sinalaba a necesidade de que os alumnos aprendan na escola a convivir, coñecendo mellor ós demais e creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos comúns e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.

Este mesmo interese é compartido por gran parte da sociedade española, tal e como recollía o Barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), que por riba incluso da formación e coñecementos necesarios para obter un bo emprego, valoraba como unha das calidades máis importantes a adquirir ó longo da escolaridade obrigatoria a de ser un bo cidadán, é dicir, a capacidade para exercer dereitos e deberes, aprendendo a respectar ós demais.

Nos principios da Lei Orgánica de Educación (LOE) fanse explícitos os valores nos que esta se fundamenta, valores que han de favorecer desde a liberdade persoal á responsabilidade, á cidadanía democrática, á xustiza, á solidariedade... Así mesmo, faise unha referencia continua á educación para a convivencia, dada a súa importancia tanto para o benestar de todos os membros da comunidade educativa como para o desenvolvemento persoal e social e o rendemento académico do alumnado. Unha lectura rápida da lei evidencia a importancia que outorga á convivencia, xa que en cada etapa educativa define os obxectivos, e en cada órgano de xestión do centro, as funcións en relación con ela.

Unha das funcións do Consello Escolar é *“propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos”*.

Aprender a convivir é deste xeito non só un requirimento formal das nosas leis educativas senón unha necesidade inaprazable de todo proxecto educativo, tanto da familia como do conxunto do sistema educativo, sen esquecermos dos medios de comunicación social. En efecto, a aprendizaxe da convivencia respectuosa e solidaria é responsabilidade de toda a cidadanía e non só do profesorado. Todas e todos, coas nosas formas de relación cos demais, estamos a fomentar un determinado estilo de convivencia, fagámolo de forma consciente ou inconsciente. Por iso debemos aportar o noso grao de area para favorecer unha convivencia positiva nos diferentes ámbitos da vida: familia, escola, traballo, barrio, cidade, etc.

Neste empeño, non cabe dúbida de que as instancias de educación básicas, como son a familia e a escola, deben recuperar un protagonismo especial. Neste senso, consideramos que as dúas instancias socializadoras citadas -familia e escola- deben unir esforzos e internarse nos necesarios camiños da aprendizaxe de normas, actitudes, destrezas e comportamentos que facilitan unha convivencia respectuosa e solidaria.

Familia e escola deben ser os auténticos obradoiros onde se deseñen os marcos desa convivencia. Nin as nais e pais nin o profesorado podemos renunciar a ese empeño, como tampouco podemos esquecer que outros marcos de convivencia, como os medios de comunicación ou o grupo de iguais, inciden na mesma, e sendo ás veces máis determinantes.

Polo tanto ambas instancias co apoio dos poderes públicos e os medios de comunicación, deben adquirir o seu protagonismo nesta tarefa; demanda que cobra maior urxencia polos tempos que estamos a vivir, nos que a violencia impregna todo o tecido social.

Asistimos á institucionalización da violencia en todas as súas formas e manifestacións, adquirindo status de “normalidade” como se de algo “natural” e inevitable se tratase. É máis, presenciamos como decotío se sacraliza o seu uso, tanto na vida como a través dos medios, caracterizándoa como a única resposta posible ou en todo caso como a mellor forma de resolver os conflitos.

Pero non hai que confundir a existencia conflictiva da vida coa posible resposta a un conflito, e esta é unha das ideas principais desde a que queremos construír o noso Plan de Convivencia e aprender a convivir: Os conflitos son consubstanciais á vida, mentres que a violencia non deixa de ser unha resposta, entre outras posibles, aos mesmos. Debemos aprender a resolver o conflito de forma positiva.

Entender os conflitos, aprender a afrontalos e resolvelos civilizadamente esixe á sociedade e aos sistemas educativos madurez suficiente para interpretalos no marco dun valor fundamental: a aprendizaxe da convivencia.

## 2. O CONFLITO

Na nosa sociedade está moi estendida a idea de ver o conflito como algo negativo e, polo tanto como algo que hai que evitar. Non obstante, os conflitos forman parte das nosas relacións cotiás, non é posible evitar a posibilidade de que os nosos intereses choquen cos dos outros. Sería imposible pensar nunha comunidade grande ou pequena que non tivese conflitos e na que nunca entrasen en desacordo as persoas.

Os conflitos preséntanse de diferentes maneiras, por motivos diversos e con intensidades variadas; forman parte da vida da xente e, de acordo coa forma como se asumen, poden xerar novos camiños de entendemento e de desenvolvemento social e persoal ou, pola contra, vías de destrución e descoñecemento dos dereitos e necesidades que como seres humanos todos temos.

### CARACTERÍSTICAS DO CONFLITO:

O conflito é **connatural** ás relacións humanas. Interactuamos con outras persoas coas que imos discrepar e coas que imos ter intereses e necesidades contrapostas.

O conflito é **ineludible**, por moito que pechemos os ollos ou o evitemos, continúa a súa dinámica.

O conflito é **algo vivo**, se non o abordamos e o resolvemos, segue o seu curso, facéndose cada vez máis grande e difícil de manexar.

Se o conflito é algo connatural ás relacións humanas, aprender a intervir nel será fundamental. Se en lugar de evitar ou loitar cos conflitos os abordamos cos nosos alumnos, podemos convertelos nunha oportunidade para que aprendan a analizalos e enfrontalos. Resolver un conflito por si mesmos, ademais de facerlles sentirse ben co acordo, daralles máis capacidades para resolver outros conflitos no futuro.

O reto que se nos presenta será como aprender a enfrontarse e resolver conflitos dunha maneira construtiva, “non violenta”. Dende o punto de vista educativo o obxectivo principal non é que o profesorado aprenda a resolver os conflitos dos alumnos, senón traballar con eles para que aprendan a resolvelos por si mesmos, convertendo esa resolución nunha aprendizaxe para outras situacións que se lles darán continuamente ao longo da súa vida.

### 3. A CONVIVENCIA ESCOLAR

Nos últimos anos se está a producir un cambio significativo na concepción da educación. Estase a tratar de superar a concepción da escola como mero axente transmisor de coñecementos a favor de competencias que inclúan a educación en valores e actitudes necesarias para saber convivir e ser cidadáns e cidadás con dereitos e deberes.

Entendemos por convivencia escolar a interrelación entre os diferentes membros dunha comunidade educativa, que ten incidencia significativa no desenvolvemento ético, socio-afectivo e intelectual do alumnado.

Esta concepción non se limita á relación entre as persoas, senón que inclúe os xeitos de interacción entre os estamentos que conforman unha comunidade educativa, polo que constitúe unha construción colectiva e é responsabilidade de todos os membros e actores educativos sen excepción.

A calidade da convivencia no centro escolar é un antecedente decisivo que contribuirá a configurar a calidade da convivencia cidadá, en tanto que a comunidade educativa constitúe un espazo privilexiado de convivencia interpersoal, social e organizacional.

Todo isto servirá de modelo e dará sentido aos estilos de relación entre os rapaces e rapazas, futuros cidadáns adultos. Por iso unha das formas de avanzar na construción dunha democracia sa e sostible é recoñecer a importancia da acción educativa no ámbito da convivencia.

## 4. OBSERVATORIO PARA A CONVIVENCIA

No instituto existe un Observatorio da Convivencia que é un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado de convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia do centro.

### 4.1. COMPOSICIÓN

- A directora que o preside,
- A xefa de estudos,
- A orientadora,
- A profesora encargada dos programas de coeducación,
- A profesora responsable da mediación escolar,
- Tres representantes do profesorado,
- Un pai representante das familias,
- Un alumno como representante do alumnado,
- Unha persoa representante do persoal non docente,
- Outros profesionais do concello.

### 4.2. FUNCIÓNS

- Dinamizar o plan de convivencia.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Proponerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.



## 5. PLAN INTEGRAL DE CONVIVENCIA

### 5.1. OBXECTIVOS:

- Desenvolver accións que faciliten as relacións positivas dos membros da comunidade educativa.
- Fomentar actividades, espazos e tempos que melloren as relacións entre compañeiros.
- Fomentar a formación do profesorado cara a abordar a educación para a convivencia.
- Fomentar a formación das familias coa mesma finalidade.
- Establecer estratexias de prevención implicando a todos os membros da comunidade educativa.
- Establecer estratexias e protocolos de intervención ante os diferentes conflitos.

### 5.2. CONTIDOS:

#### NIVEL DE PREVENCIÓN:

- PEC ( directrices de referencia).
- Análise do clima escolar.
- Plan de Acción Titorial (PAT) (Regulamento de Réxime Interior -RRI-, Conflitos, Mediación, Violencia Escolar, Acoso, Valores).
- Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) (Procesos de ensinanza-aprendizaxe).
- Medidas organizativas.
- Colaboración familiar.
- Entorno sociocomunitario.
- Formación do profesorado.
- Formación dos pais.
- Implicación de tódolos membros da comunidade educativa.

#### NIVEL DE INTERVENCIÓN:

- Protocolos de actuación.
- Mediación.
- RRI.
- Comisión de Convivencia.

- Equipo Directivo.
- Consello Escolar.
- Profesores
- Titores.
- Departamento de Orientación.
- Recursos externos.

### **5.3. AVALIACIÓN:**

- Cuestionarios.
- Memorias e documentos relativos ao tema.
- Seguimento, análise e valoración dos casos habidos ao longo do curso.
- Opinións argumentadas ( persoas máis directamente implicadas neste proceso).
- Observación.
- Elaboración de conclusións e propostas de mellora.

### **5.4. PUNTOS BÁSICOS:**

#### **Este plan de convivencia aséntase nos seguintes puntos básicos:**

- Directrices do PEC tomadas como referencia.
- Análise e seguimento do clima escolar.
- Plan de Acción Titorial e Orientación.
  - Seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe.
  - Actividades da Acción Titorial (RRI, programa de solución de conflitos e mediación).
  - Relacións coas familias e orientacións ás mesmas e aos seus fillos.
  - Comisión de Coordinación Pedagóxica.
  - Coordinación dos procesos de ensino-aprendizaxe (calendarios racionais de exames e probas; acordos sobre avaliacións, formas e criterios; establecemento e axuste dos contidos e dos obxectivos, incluídos os mínimos...)
- Protocolos de intervención: Recursos propios e externos.
- Implicación de toda a comunidade educativa.
- Implicación das familias.
- Seguimento, avaliación e propostas de mellora.

## 6. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL.

O Plan de Convivencia do noso instituto vai ter un carácter máis ben preventivo dada a baixa incidencia de conflitos que aparecen rexistrados. Desexamos e comprometémonos a dividir equitativamente a intervención nos conflitos entre os titores, xefe de estudos, orientación, profesores, pais e nais, ..., derivando a algúns servizos aqueles casos que excedan as nosas posibilidades

### **6.1. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO:**

Durante o curso pasado, dentro do Plan de Mellora, levouse a cabo unha sondaxe entre o alumnado, nun intento de analizar a situación actual do instituto. Para iso aplicouse un Cuestionario de Diagnóstico da Convivencia a todos os alumnos do centro (anexo I). Dos resultados dedúcese que non existen graves problemas de convivencia no centro, pois a maioría dos alumnos consideran boas as súas relacións entre compañeiros, xa que logo desexarían continuar en cursos vindeiros con algúns deles ou cos actuais. A relación cos compañeiros doutras culturas tampouco presenta problemas, xa que é boa para un 81% dos alumnos e tan so un 4% responde que lle resulta indiferente.

Na actualidade o clima de convivencia no centro aínda que non é malo pódese mellorar. Os problemas aparecen fundamentalmente nos primeiros cursos de ESO producíndose desaxustes e condutas contrarias as normas que é necesario corrixir porque interrompen o normal desenvolvemento das clases, afectan negativamente ao clima de convivencia e deterioran materiais e recursos do centro.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Disrupción na aula.- falta de respecto ao profesorado, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros ...
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clases.
- Cuestionar continuamente a autoridade do profesorado.
- Falta de material, non realizar as tarefas encomendadas.
- Pelexas en espazos comúns, insultos, desconsideración aos compañeiros.

A maioría das amoestacións corresponden a 1º e 2º de ESO.

Un 25% das amoestacións corresponden a 3º e 4º de ESO.

En Bacharelato e Ciclos Formativos as amoestacións aos alumnos son insignificantes.

En resumo, podemos concluír que non existen graves problemas nin conflitos profundos no noso centro. Danse situacións problemáticas e disruptivas pero trátase de conflitos minoritarios que reclaman actuacións en positivo de mellora da convivencia e o rexeitamento total e inequívoco da violencia.

## **6.2. DETECCIÓN DE NECESIDADES:**

- Establecer normas de convivencia básicas consensuadas democraticamente.
- Unificar criterios de actuación entre o profesorado.
- Protocolos de actuación no caso de:
  - o Condutas disruptivas nas aulas.
  - o Indisciplina.
  - o Agresións físicas ou verbais.
  - o Intimidación e acoso.
  - o Vandalismo ou deterioro grave dos materiais.
- Información ás familias.
- Formación a toda a Comunidade Educativa sobre a resolución de conflitos.
- Facer grupos de mediación escolar.

## 7. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para mellorar a convivencia marcamos como prioritarios os seguintes obxectivos, sinalando os responsables de traballar dun xeito máis intenso para a súa consecución:

Obxectivos	Responsables
Iniciar o <b>labor de concienciación</b> ao Claustro, familias e alumnado sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.	Equipo directivo. Xefatura de estudos e titores. Consello escolar.
Dotar a toda a comunidade educativa de instrumentos para unha detección e resolución pacífica de conflitos coa creación da <b>Aula de Convivencia</b> .	Equipo directivo, profesorado e Departamento de Orientación.
<b>Potenciar as titorías</b> en cada aula e o funcionamento da Xunta de Delegados.	Xefatura de estudos. Orientación.
Establecer medidas de coñecemento e <b>aceptación das normas</b> do centro por parte da comunidade educativa.	Equipo directivo.
Implicar ás familias no Plan de Convivencia.	Todo o centro.
Organizar <b>actividades preventivas</b> nas titorías.	Orientación e titores.
Organizar un <b>plan de formación</b> sobre convivencia para toda a comunidade educativa.	Observatorio da Convivencia.
Potenciar o labor do Observatorio da Convivencia realizando as funcións especificadas na lei, ademais de outras que o Consello Escolar lle encomende.	Equipo Directivo.
Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.	Claustro de profesores.
Recorrer a instancias alleas ao centro-Universidade, Concello, Asociacións...- para que colaboren no tratamento dos conflitos do instituto.	Equipo directivo.
Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todo o alumnado no centro.	Equipo directivo.
Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.	Todo o profesorado e a Xunta de Delegados.
Organizar actividades que potencien o coñecemento entre as persoas e fomenten un clima agradable entre os diferentes sectores da comunidade escolar e con outros centros de ensino.	Vicedirección con todo o profesorado.
Difundir o modelo de convivencia.	Observatorio da convivencia

## 8. A MEDIACIÓN NA RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS.

### 8.1. A Mediación como proxecto:

#### ¿EN QUE CONSISTE?

- A mediación é un proceso de resolución de conflitos que consiste na intervención dunha terceira persoa, o mediador ou mediadora, que intenta que as partes en conflito cheguen a un acordo mediante o diálogo.
- A mediación ten que ser libre e voluntaria.
- O mediador ten que ser aceptado polas partes en conflito e debe ser neutral e imparcial.

#### ¿QUE ESTRATEXIAS USA O MEDIADOR?

- Escoita activamente.
- Amona interese e anima ás partes en conflito para que cheguen a un acordo.
- Xera confianza nos contendentes.
- Garda confidencialidade garantindo absoluta reserva do que se fale.
- Fai preguntas aclaratorias.
- Sintetiza e resume os asuntos máis importantes.
- Non toma decisións, nin acusa nin castiga.

#### ¿COMO FACELO?

Non existen regras fixas, pero en xeral pódense seguir os seguintes pasos:

- Aclaramos as regras da mediación e a forma de facelo coas partes en conflito.
- Facilitamos que as partes conten a súa visión do conflito e que se “desafoguen” (coa limitación de non poder intimidar ou violentar).
- Escoitamos sen interromper e favorecemos que as partes se escoiten.
- Facemos preguntas ou pedimos aclaracións para axudar a identificar o conflito.
- Animamos ás partes para que se propoñan solucións e concreten acordos.

## 8.2. Fases da Mediación:

	<b>FASES</b>	<b>OBXECTIVO</b>
<b>PRE-MEDIACIÓN</b>	<b>1. PRE-MEDIACIÓN</b>	Crear condicións que faciliten o acceso á mediación. Decisión das partes de acudir á mediación. Proposta de acudir á mediación (partes implicadas, compañeiros, profesor-titor, ...).
	<b>2. SOLICITUDE DA MEDIACIÓN</b>	Solicitud formal de mediación: cumprimentar solicitude. (Cada parte describe a súa visión dos feitos, para que se poidan facer unha idea do problema). Anexo II
<b>MEDIACIÓN</b>	<b>1. PRESENTACIÓN E REGRAS DO XOGO.</b>	Poñer fin ás hostilidades. Crear confianza no proceso. Asegurarse de que as partes se comprometen co proceso de mediación. Lembrar as normas que rexen a mediación.
	<b>2. CÓNTAME</b>	Cada parte pode expresar a súa versión do conflito e expresar os seus sentimentos. Poder “desafogarse” e sentirse escoitados.
	<b>3. SITUARNOS</b>	Identificar en qué consiste o conflito e consensuar os temas máis importantes para as partes. Anexo III
	<b>4. ARREGLAR</b>	Tratar cada tema e buscar posibles vías de acordo.
	<b>5. ACORDO</b>	Avaliar as propostas, vantaxes e dificultades de cada unha, e chegar a un acordo. As partes poden comprometerse a revisar o cumprimento do acordado cos mediadores nun prazo determinado. O acordo pode ser recollido por escrito e asinado polas partes. Anexo IV
	<b>SEGUIMIENTO</b>	Nova reunión para avaliar o cumprimento do acordado. Serán os mediadores os encargados de citar formalmente ás partes.

### 8.3. Opcións no Conflito:

<b>FAVORECE A SOLUCIÓN</b>	<b>ENTORPECE A SOLUCIÓN</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Calmarse.</li> <li>- escoitar activamente.</li> <li>- Utilizar unha linguaxe respectuosa.</li> <li>- Diferenciar o problema da persoa.</li> <li>- Focalizar a atención no problema.</li> <li>- Saber defender as posicións respectando os sentimentos da outra parte.</li> <li>- Saber pedir excusas cando se comete unha falta.</li> <li>- Propor solucións.</li> <li>- Buscar acordos e ser respectuosos cos mesmos.</li> <li>- Ter espazos e tempos para afrontar os conflitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Insultar</li> <li>- Ameazar.</li> <li>- Culpabilizar.</li> <li>- Acusar.</li> <li>- Desprezar/ ridiculizar.</li> <li>- Xulgar.</li> <li>- Ver só a nosa posición.</li> <li>- Xeneralizar/ "Etiquetar".</li> <li>- Pegar.</li> <li>- Sacar outras cuestións non ligadas ao conflito.</li> <li>- Non asumir responsabilidades.</li> </ul>



## 9. A AULA DE CONVIVENCIA

### **PARTICIPAR NA POSTA EN MARCHA DA AULA DE CONVIVENCIA**

Nunha aula do centro abrírase a Aula de Convivencia para solucionar os conflitos de xeito dialogado e reflexivo.

Haberá que fixar o tempo de estadía na Aula que non debería de ser superior á duración da clase ordinaria.

A Aula terá unha persoa como coordinadora e estará atendida por un profesor de garda cada hora lectiva, sempre e cando o seu servizo non sexa necesario en gardas ordinarias. A Xefatura de estudos establecerá gardas específicas para atender estas aulas.

Unha proposta é que o profesorado interesado en facer gardas na aula de convivencia poderá solicitalo ao comezo de curso. Comprometerase a asistir ás xornadas e cursos que se celebren sobre convivencia e mediación para formarse nas estratexias de mediación escolar.

A persoa orientadora do centro pode asumir horas na Aula de Convivencia.

O resto do horario, de non haber profesorado suficiente, poderá asumilo o equipo directivo.

O protocolo a seguir será o seguinte:

1. O profesor de aula envía ao alumno á Aula de Convivencia cunha “**ficha de envío**” (anexo V). É imprescindible cubrir dita ficha co tipo de falta que cometeu.
2. Ningún alumno poderá ser derivado a unha aula de atención educativa e convivencia sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno deba realizar, corríxilas e avalialas. (Instrucións da Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación).
3. O profesor da Aula de Convivencia recíbeo e oralmente fai que o alumno conte o que pasou. A súa misión é axudar ao alumno para que reflexione sobre a súa conduta. Posteriormente fará que o alumno cubra a “**ficha do alumnado**” (anexo VI).

4. O profesor que enviou ó alumno debería poñerlle algunha outra tarefa para desenvolver nun recreo baixo a súa supervisión, de xeito que saiba que ir á Aula de Convivencia supón unha tarefa extra a realizar e que será imposta polo seu profesor de clase. Podería realizar tarefas en favor da comunidade educativa, como reparar o mobiliario, limpeza de aulas, xardíns, patios, colaborar na biblioteca ou calquera actividade da intendencia do centro. Se a gravidade dos feitos o aconsella, deberá tomar as medidas oportunas o equipo directivo.
5. Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola Xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou. (Instrucións da Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación).

## 10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Ao remate de cada ano académico farase unha avaliación do nivel de consecución das medidas propostas no presente plan. En función dos resultados deseñaremos as propostas de mellora.

Cada curso escolar farase unha detección dos problemas de convivencia, co alumnado que se incorporou de novo, e procederase á busca de solucións. Así mesmo farase o seguimento co resto do alumnado.

As modificacións posibles reflectiranse na memoria de final de curso, onde ademais se recollerá:

- O grao de implantación e cumprimento dos obxectivos propostos.
- A participación da comunidade educativa no seu desenvolvemento.
- A adecuación dos espazos e dos recursos.
- As actividades formativas propostas.
- A valoración dos resultados, conclusións e propostas de continuidade e de mellora.
- A avaliación do proceso e dos resultados.
- A documentación elaborada.

Lugo, Xuño 2009

# ANEXOS

## ANEXO I CUESTIONARIO DE DIAGNÓSTICO

### A CONVIVENCIA NO CENTRO

#### DATOS XERAIS

Sexo:	Home	IDADE	12	13	14	15	16	17	18	CURSO	ESO			BACH		C FGM		C FGS	
	Muller										1º	2º	3º	1º	2º	4º	1º	2º	1º

#### CUESTIONARIO:

1. Durante este curso os problemas de convivencia foron:

<input type="checkbox"/>	Ningún
<input type="checkbox"/>	Poucos
<input type="checkbox"/>	Bastantes
<input type="checkbox"/>	Moitos

2. O tipo de problema máis destacado no centro corresponde (sinala os máis importantes):

<input type="checkbox"/>	Persoais (Falta de traballo, mal comportamento...)
<input type="checkbox"/>	Entre o alumnado
<input type="checkbox"/>	Entre alumnado e profesorado
<input type="checkbox"/>	Entre o profesorado

3. ¿Que se fai para solucionarlos?

(Numera do 1 ao 8, segundo a maior (1) ou menor (8) importancia)

<input type="checkbox"/>	Nada
<input type="checkbox"/>	Reñer, botar unha bronca
<input type="checkbox"/>	Poñer faltas (leves/ graves)
<input type="checkbox"/>	Reunirse co titor /a e analizar as causas do problema
<input type="checkbox"/>	Expulsar
<input type="checkbox"/>	Poñer un castigo
<input type="checkbox"/>	Falar para buscar o acordo entre as partes
<input type="checkbox"/>	Reunirse coa familia para tratar o asunto

4. ¿Estás conforme co que se fai? | Si  Non  ¿Por que?

#### COÑECEMENTO E COMPRENSIÓN DAS NORMAS

5. Sinala a opción/ opcións que máis se axustan ao teu coñecemento e comprensión das normas:

<input type="checkbox"/>	Non hai normas expresas.
<input type="checkbox"/>	Dínnolas ao comezo do curso
<input type="checkbox"/>	Depende de cada profesor
<input type="checkbox"/>	A clase participa na elaboración das normas
<input type="checkbox"/>	Discutímolos e consensuámolos
<input type="checkbox"/>	Aceptámolos e comprometémonos a cumprilas
<input type="checkbox"/>	Revisámolos de vez en cando

6. ¿Que che preocupa respecto á convivencia na aula e no centro?

7. ¿Como cres que habería que solucionar?

**COMUNICACIÓN, RESPECTO, COMPRENSIÓN**

9. ¿Cantas veces che ocorreron estas cousas durante este curso..?

	Nunca	1 Vez	Máis de 1 Vez	A miúdo
Empuxáronme a propósito				
Insultáronme / ofendéronme				
Dixeron cousas feas / mentiras sobre min				
Ameazáronme				
Fixéronme o baleiro (Pasaron de min)				
Quitáronme cousas				
Estragáronme o material escolar				
Pegáronme				

10. ¿Onde teñen lugar con máis frecuencia os problemas entre compañeiros?

<input type="checkbox"/>	Nos corredores
<input type="checkbox"/>	Na clase
<input type="checkbox"/>	No patio
<input type="checkbox"/>	Nos baños
<input type="checkbox"/>	Fóra do centro

11. ¿Con que frecuencia se producen malos tratos entre compañeiros?

<input type="checkbox"/>	Nunca
<input type="checkbox"/>	Poucas veces
<input type="checkbox"/>	Frecuentemente

12. ¿Quen son os que maltratan a outros compañeiros?

<input type="checkbox"/>	Un grupo de rapaces
<input type="checkbox"/>	Un grupo de rapazas
<input type="checkbox"/>	Un grupo de rapaces e rapazas
<input type="checkbox"/>	Un rapaz
<input type="checkbox"/>	Unha rapaza

13. ¿Que opinas da existencia de abusos/ intimidación entre compañeiros?

<input type="checkbox"/>	Paréceme ben
<input type="checkbox"/>	Paréceme mal
<input type="checkbox"/>	Preocúpame e moléstame
<input type="checkbox"/>	Nada, paso do tema

14. ¿Quen detén estas situacións cando se producen?

<input type="checkbox"/>	Os profesores
<input type="checkbox"/>	Os compañeiros
<input type="checkbox"/>	Ninguén os detén
<input type="checkbox"/>	Profesores e compañeiros

15. ¿Que fas ti cando ves unha intimidación?

<input type="checkbox"/>	Trato de detelo
<input type="checkbox"/>	Nada, pero debería
<input type="checkbox"/>	Nada, non é asunto meu
<input type="checkbox"/>	Aviso a alguén

16. ¿Cres que se deberían solucionar os problemas de malos tratos entre compañeiros?

<input type="checkbox"/>	Si
<input type="checkbox"/>	Non
<input type="checkbox"/>	Non se poden solucionar

17. ¿Poderías aportar suxestións para tratar de reducilos?

**ANEXO II  
MEDIACIÓN**

**Ficha de solicitude de mediación**

Unha parte solicita a mediación

<b>FICHA DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN</b>
<p>DATOS:  Nome e apelidos da persoa que solicita a mediación:  .....  .....</p> <p>Data:  Lugar en que se produciu o conflito:</p> <p>O MOTIVO DO CONFLITO É.  .....  .....  .....</p> <p>OS IMPLICADOS NO CONFLITO SOMOS:  1 .....  2.....</p> <p>PROPORÍA COMO MEDIADOR/A A:  .....  .....</p> <p>Sinatura:</p>

As dúas partes solicitan a mediación:

<b>FICHA DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN</b>
<p>DATOS:  Nome e apelidos das persoas que solicitan a mediación:  .....  .....</p> <p>Data:  Lugar en que se produciu o conflito:</p> <p>O MOTIVO DO CONFLITO É.  .....  .....  .....</p> <p>OS IMPLICADOS NO CONFLITO SOMOS:  1 .....  2.....</p> <p>PROPORIAMOS COMO MEDIADORES/AS A:  1 - .....  2 -.....</p>



**ANEXO III  
MEDIACIÓN**

<b>FICHA REXISTRO DE MEDIACIÓN</b>					
Mediación solicitada por:					
MEDIADORES				DATA	
DESCRICIÓN DO CONFLITO					
PROTAGONISTAS	Parte 1	Nome e apelidos		Sexo	Idade
		Actitude coa que encara a mediación			
	Parte 2	Nome e apelidos		Sexo	Idade
		Actitude coa que encara a mediación			
CAUSAS	Feitos				
	Sentimentos				
CONTEXTO	Lugar				
	Relación entre as partes				
	Situación na que se produce				
	Influencia doutras persoas				
PROCESO	Forma de encarar o conflito				
	Breve historia do conflito				
POSICIÓN	Posicións				
	Intereses				
SOLUCIÓN	Acordos				
	Compromisos				
	Seguimento				

**ANEXO IV  
MEDIACIÓN**

**FICHA REXISTRO DE ACORDOS DE MEDIACIÓN**

Mediadores:

.....  
.....

Partes:

.....  
.....

ACORDAN:

COMPROMÉTENSE

SEGUIMIENTO:

Nova reunión. Data:

Lugar:

SINATURA MEDIADORES

SINATURA DAS PARTES EN CONFLITO

Asdo:

Asdo:

Asdo:

Asdo:

**ANEXO V**  
**AULA DE CONVIVENCIA**  
**Ficha de envío do profesor á Aula de Convivencia**

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Apelidos:	Nome:
Curso e grupo:	

DATOS DO/A PROFESOR/A QUE O ENVÍA	
Apelidos:	Nome:
Materia:	
Data:	Hora:

MOTIVOS POLOS QUE SE ENVÍA (describe o sucedido da maneira máis clara e precisa posible)
<p style="text-align: right;">O/A profesor/a</p> <p style="text-align: right;">Asdo:</p>

PROPOSTA DE REFLEXIÓN
Tema relacionado coa falta pola que se envía:

**ANEXO VI**  
**AULA DE CONVIVENCIA**  
Ficha para cubrir polo alumnado

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Apelidos:	Nome:
Curso e grupo:	

Por favor , contesta con atención as seguintes preguntas:

1.- ¿Que foi o que pasou?

2.- ¿Cal foi a miña reacción?

3.- ¿Que conseguín?

4.- ¿En que mellorou a miña situación?

5.- ¿Como me sinto?

6.-¿Que podoo facer para resolver este problema?

7.- A partir de agora, ¿cal creo que é a maneira mais intelixente de actuar?

**COMPROMISO**

Para mellorar a miña actuación persoal, comprométome a:

Data:

Sinatura do alumno ou alumna.

## **ANEXO VII**

**Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.**